

Guía de recursos para mulleres que estean sufrindo violencia de xénero en situación de confinamento derivada do estado de alarma por COVID 19.

As mulleres vítimas de violencia de xénero son un colectivo especialmente vulnerable en situacións de illamento domiciliario por verse obrigadas a convivir co seu agresor, o que as sitúa nunha situación de maior risco, polo que desde o Concello da Laracha queremos informar a todas aquelas que poidan estar vivindo estas situacións de violencia dos recursos que teñen a súa disposición, ampliados durante o estado de alarma, así como tamén a toda a veciñanza no seu conxunto que nun momento determinado teñan que prestar a súa colaboración e apoio a unha muller que se encontre nestas circunstancias:

→ Servizos de información e asesoramento:

- Centro de Información ás Mulleres (CIM): información sobre recursos, apoio psicolóxico e asesoramento xurídico.

Tlf: **981612811 / 686995479** / Email: cim@alaracha.es

- Teléfono da Muller: **900 400 273**

- Atención a vítimas de violencia de xénero: **016** / Email: 016-online@mscbs.es

- Apoio psicolóxico a través de WhatsApp: **682916136 / 682508507**

→ Teléfonos ante situacións de emerxencia:

- Emerxencias: **112**

- Garda Civil: **062 / 981605009**

- Policía Local: **686995477**

→ No caso de que non poidas realizar unha chamada e esteas nunha situación de perigo:

- Utiliza a **APP ALERTCOPS**, desde a que podes enviar desde o teu móbil unha sinal de alerta á policía e/ou Garda Civil coa túa localización. Para isto descarga previamente esta aplicación gratuíta no teu móbil.

→ No caso de que non teñas acceso a realizar unha chamada nin acceso a internet:

- Busca axuda e apoio nas veciñas e veciños, no persoal dos establecementos que permanecen abertos (Farmacias, supermercados, panaderías, tendas de alimentación), estas persoas poden contactar cos servizos dispoñibles para o teu caso e facer por ti esa chamada que che permitirá saír da situación na que estas vivindo.

-Colaboración cidadá: Queremos neste punto facer un chamamento especial a cidadanía porque a súa colaboración nestes casos é fundamental para apoiar ás mulleres que sofren violencia de xénero porque non é un problema privado é un problema que nos incumbe a todas e a todos.

→ Campaña: *Estamos contigo*, do Ministerio de Igualdade, na que se da a coñecer unha guía de actuación para mulleres que están sufrindo violencia de xénero, na que se inclúen servizos xerais e onde se responden preguntas sobre dúbidas frecuentes que poden xurdir, así como material gráfico destinado a comunidades, establecementos, transporte público e para publicar en redes sociais.

<http://www.violenciagenero.igualdad.gob.es/sensibilizacionConcienciacion/campañas/violenciaGobierno/todoSaldráBien/home.htm>